

NORMAS PARA PARTICIPAR NA CABALGATA DE REIS 2025



1. Con motivo das FESTAS DE NADAL 2024-2025, o Concello de Marín organiza a Cabalgata de Reis o domingo 5 de xaneiro de 2025 ás 18:30h.
2. Partirá dende as instalacións do Porto, á altura de Nodosa, pasando por Avenida de Ourense, Praza de España, Almuíña, Jaime Janer e Concepción Arenal, rematando á altura do Templo Novo coa visita ao Belén Vivinte.
3. As persoas que dexesen participar deberán anotarse na alcaldía do Concello o enviando correo electrónico: alcaldia@concellodemarin.es, a partir das 09:00h. do venres 20 de decembro de 2024.
4. Os nenos e nenas nados despois do 1 de xaneiro de 2018 deberán ir acompañados dunha persoa adulta, que deberá cubrir o anexo I que se adxunta a esta normativa, e entregalo acompañado de copia do DNI na alcaldía do Concello o por correo electrónico: alcaldia@concellodemarin.es antes do 2 de xaneiro.
5. A vestimenta de todos os participantes, tanto adultos coma nenos, será acorde coa festividade de Nadal.
6. Terán preferencia nenos e nenas empadroados en Marín.
7. O venres 3 de xaneiro de 12:00 a 14:00h. no Museo Manuel Torres, onde se explicarán os aspectos específicos para que a cabalgata se desenvolva con total seguridade, e repartiranse as vestimentas de romanos.
8. Todas as persoas que participen na cabalgata comprométese a manter unha conducta correcta en todo momento e durante o percorrido da mesma non se baixará nin se subirá ninguén da carroza salvo por causas de forza maior, e aceptan a reprodución de fotografías ou filmacións que co motivo deste acto se puideran levar a cabo nos medio de comunicación.

É obrigatorio cumprimentar todos os datos para que a solicitude sexa validada. Segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial. En calquera momento, poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo a través dun escrito que presentará no Rexistro Xeral do Concello

O interesado AUTORIZA e DA o seu CONSENTIMENTO informado, libre e específico ó Concello de Marín para o tratamento dos datos persoais aquí reflectidos para actividades que son propias do mesmo, para o seguimento e xustificación da actividade no exercicio dos poderes públicos ostentados por esta Administración en aras de dar cumprimento ao interese xeral propugnado polo artigo 103 da CE en relación co disposto na Lei 39/2015, de 2 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. O órgano responsable e encargado do tratamento é o Concello de Marín cuxa dirección é Avda. De Ourense s/n 36900 Marín (Pontevedra), todo o que se informa ós efectos dos artigos 6 e 7 do Regulamento n.º 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 (RXPD). Os datos proporcionados neste modelo normalizado e documentación anexa, pasarán a formar parte dun Rexistro do Concello de Marín (Pontevedra), onde poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición (incluíndo expresamente a limitación do tratamento) dirixindo ao Concello solicitude neste eido. Así mesmo, informámoslle que o tratamento dos seus datos será realizado de acordo co disposto no RXPD.

NORMAS PARA PARTICIPAR NA CABALGATA DE REIS 2025



ANEXO I: DECLARACIÓN RESPONSABLE

D/Dna _____ con DNI _____,
como nai /pai o titor legal e **ACOMPAÑANTE** do/a participante
_____ con data de nacemento _____, **baixo**
a miña responsabilidade o/a inscribo para participar na Cabalgata de Reis 2025 do
Concello de Marín o próximo 05 de xaneiro de 2025, e **AUTORIZO** a reprodución de
fotografías ou filmacións que co motivo deste acto se puideran levar a cabo nos medios
de comunicación.

☐ **Acepto as normas xerais de participación na Cabalgata de Reis 2025**

Marín, a ____ de _____ de 202__

Ado. Solicitante

É obrigatorio cumprimentar todos os datos para que a solicitude sexa validada. Segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial. En calquera momento, poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo a través dun escrito que presentará no Rexistro Xeral do Concello

O interesado AUTORIZA e DA o seu CONSENTIMENTO informado, libre e específico ó Concello de Marín para o tratamento dos datos persoais aquí reflectidos para actividades que son propias do mesmo, para o seguimento e xustificación da actividade no exercicio dos poderes públicos ostentados por esta Administración en aras de dar cumprimento ao interese xeral propugnado polo artigo 103 da CE en relación co disposto na Lei 39/2015, de 2 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. O órgano responsable e encargado do tratamento é o Concello de Marín cuxa dirección é Avda. De Ourense s/n 36900 Marín (Pontevedra), todo o que se informa ós efectos dos artigos 6 e 7 do Regulamento n.º 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 (RXPD). Os datos proporcionados neste modelo normalizado e documentación anexa, pasarán a formar parte dun Rexistro do Concello de Marín (Pontevedra), onde poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición (incluíndo expresamente a limitación do tratamento) dirixindo ao Concello solicitude neste eido. Así mesmo, informámoslle que o tratamento dos seus datos será realizado de acordo co disposto no RXPD.